

AVISO IMPORTANTE PARA OS CLIENTES DE ELECTRICIDADE CON MÁIS DE 10 Kw DE POTENCIA INSTALADA

O mercado eléctrico nacional ven de sufrir unha serie de modificacións que remataron o pasado 1 de xullo do 2009.

O obxectivo destas modificacións é a liberalización do mercado e a creación de competencia.

Para os consumidores o máis significativo é a aparición da tarifa de último recurso (TUR) e a figura da empresa comercializadora.

Para os clientes con potencia instalada de **máis de 10 kW**, as distintas disposicións legais, **obrigánnos a contratar o seu subministro eléctrico cunha empresa comercializadora, antes do 1 de novembro de 2010.**

Dende Faepac queremos resolver as dúbidas que poidan xurdir por este feito:

- **¿Que pasa se non contrato o meu subministro de máis de 10 kW cunha empresa comercializadora?**

Dende o 1 de outubro de 2009 os prezos da tarifa de último recurso para subministros de máis de 10 kW, estanse a incrementar un 5% trimestral. O día 1 de abril de 2010 estes prezos incrementaranse un 20% (con referencia ao prezo da TUR vixente), desaparecendo a discriminación horaria, e dicir, a partir de abril vaise pagar a enerxía ao mesmo prezo, independentemente da hora do día ou da noite que sexa. Nalgún caso este feito vai supor un **incremento dos custes da enerxía eléctrica de máis dun 45%.**

- **¿Que pasará o 1 de novembro de 2010, se non contrato o meu subministro cunha empresa comercializadora?**

Legalmente, e observando o que dispón o R.D. 485/2009. De non contratarse o subministro cunha empresa comercializadora **pódese sufrir corte de subministro eléctrico.** Aínda que a mesma disposición deixa a porta aberta a posibles prorrogas.

De tódolos xeitos o forte incremento da tarifa, fai preciso que se chegue a un acordo cunha comercializadora canto antes,

- **¿Como podo saber se o meu subministro é maior de 10 kW?**

Este dato recupérase da factura que mensualmente nos pasa a empresa subministradora. Corresponde co denominado "termo de enerxía", que é a cantidade fixa que pagamos tódolos meses, independentemente do que consumamos.

A continuación amosase un exemplo de onde atopar a potencia contratada dentro dunha factura de Gas Natural Unión Fenosa. Noutras compañías a situación do dato é moi semellante.



CLIENTE:	DOMICILIACIÓN BANCARIA:		SUCURSAL:	
DIRECCIÓN:	BANCO: Caixa Galicia		Cuenta / Conta:	
N.I.F./C.I.F.:	DC: 93			
NÚMERO DE FACTURA:	FECHA DE EMISIÓN: 15-01-2010	FORMA DE PAGO: DOMICILIADO BANCO	FECHA DE VENCIMIENTO:	
SERVICIOS/CONCEPTOS	PERIODO	UNIDAD/BASE	PRECIO/PORCENTAJE	IMPORTE €
SERVICIOS EN A CORUÑA				
Electricidad y Servicios 7111448				
Termino fijo de potencia (46.67 kW)	02-12-2009 / 31-12-2009	0,909091	82,61 Euros	75,10
	01-01-2010 / 04-01-2010	0,090909	102,45 Euros	9,31
	02-12-2009 / 31-12-2009	1,525 kWh	14,4043 Cents/kWh	219,67
Energía P1	01-01-2010 / 04-01-2010	152 kWh	15,3549 Cents/kWh	23,34
	02-12-2009 / 31-12-2009	4,673 kWh	11,6948 Cents/kWh	54,65
Energía P2	01-01-2010 / 04-01-2010	467 kWh	12,1934 Cents/kWh	56,94
	02-12-2009 / 31-12-2009	130 kWh	7,5377 Cents/kWh	9,80
Energía P3			7,4448 Cents/kWh	1,00

Termo de enerxía

- **¿Que teño que facer para contratar o meu subministro cunha comercializadora?**

O primeiro paso é buscar ofertas dentro do mercado. Existen moitas comercializadoras que non poden achegar ofertas. Se se desexa información das mesmas pódese obter na páxina web da [Comisión Nacional da Enerxía](#)

Unha vez recibidas as ofertas, escolleremos aquelas máis vantaxosas, tanto economicamente como nos servizos ofertados, hai que ter en conta que moitas comercializadoras están a ofrecer outros servizos coma seguros, ou reparacións rápidas no fogar ou empresa, polo feito de contratar con eles o subministro eléctrico.

Despois de escoller a comercializadora, asinaremos un contrato con ela, e nese momento empezará o cambio de comercializador. O prazo para que remate o cambio vai depender de moitos factores, pode ir dende quince días ata tres meses.

Rematado o proceso de cambio xa somos clientes de mercado libre, e pagaremos a electricidade no prezo e nas condicións que acordemos coa empresa comercializadora.

- **¿Que vantaxes podo obter do contrato cunha comercializadora?**

A primeira vantaxe é que deixamos de pagar as penalizacións por permanecer dentro da TUR. As empresas comercializadoras están a ofrecer prezos máis baixos ca na TUR, e podemos escoller a discriminación horaria que máis nos favorezca.

- **¿Que relación bou ter coa antiga empresa subministradora?**

Logo da sinatura do contrato comercial, a nosa relación coa empresa distribuidora de zona limitase a reclamacións en caso de que se interrompa o subministro de electricidade, ou que este non cumpra coas características mínimas esixibles. (sobretensións, falla de potencia dispoñible, etc).

- **¿Podo cambiar de empresa comercializadora?**

Sempre se pode cambiar de empresa comercializadora, pero hai que ter en conta que o tempo de vinculación mínimo, establecido no R.D. 485/2009 é de **1 ano** .

Independentemente deste feito legal, hai empresas comercializadoras que esixen tempos de vinculación de 18 meses, ao mesmo xeito que as empresas de telefonía. Neste caso, poderemos rescindir o contrato a partires dun ano, previo pago á empresa comercializadora da penalización por rescisión de contrato que figure no mesmo.

Pode obter máis información solicitándoa no teléfono 981 102 111, ou ben no correo electrónico: admin@faepac.org